



BOP

MÉRCORES, 2 DE AGOSTO DE 2023

N.º 176

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DE ARTESANÍA, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na mostra Artesanfroilán de artesanía organizada pola Área de Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a:

1.- Obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o establecido no Decreto 218/2001, do 7 setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía da Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia, ou no seu caso na normativa que a derroque e/ou substitúa.

A participación nesta mostra Artesanfroilán de artesanía está reservada a obradoiros artesáns da provincia de Lugo cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS.

A mostra celebrarase na praza Anxo Fernández Gómez, do 03 ao 12 de outubro de 2023, en horario de 11:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h a 21:00 h.

Estará formada por 24 postos de 3x2 metros cada un deles con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesáns.

CUARTA: CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN.

As persoas interesadas en participar na mostra de artesanía deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individual ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

En todo caso, aqueles obradoiros que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte dalgunha das persoas que solicitan a participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

Así mesmo, os obradoiros participantes comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

Os expositores deberán asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días que dure o mercado.

O centrAD, da Deputación de Lugo será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

Queda expresamente prohibido que os expositores queden cos elementos de rotulación e decoración instalados.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración do Mercado.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender en todo ou en parte a celebración do mercado, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación na mostra de artesanía implica a aceptación total das presentes bases.

QUINTA: CONDICIÓN PARTICULARES DE PARTICIPACIÓN NA MOSTRA.

Os traballos de descarga de mercancía, montaxe e acondicionamento de cada posto levaranse a cabo o 02 de outubro de 2023 entre as 10:00 h e as 21:00 h. A retirada e desmontaxe dos postos deberá realizarse o día 12 de outubro de 2023 entre as 21:00 h e as 24:00 h.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar na mostra de artesanía deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I, - xunto coa documentación restante requirida no punto 6º das bases- por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos-

O prazo de presentación será de 10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso para participar en dita mostra.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

1.-ANEXO I: Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.-ANEXO II:

- Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptaciónen canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra, e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- Copia do NIFdo solicitante

4.- Certificado de obradoiro artesan inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

5.- Carta de artesá/án

SÉTIMA: ADXUDICACIÓN DE POSTO

Rematado o prazo de solicitude será a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, a encargada de instruír e tramitar os expedientes.

A adxudicación de postos dos participantes na mostra farase seguindo a orde de entrada das solicitudes por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

A resolución que poña fin ao procedemento de admisión deberá expresar as persoas adxudicatarias de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, se cubra a vacante co obradoiro suplente, a través da listaxe de suplencias seguindo a orde de entrada por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de publicación na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Unha vez comunicada a adxudicación dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

OITAVA: CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

A cantidade destinada para a convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia, para participar na mostra de artesanía da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, será de vintecinco mil euros (25.000 €).

NOVENA: Protección de datos de carácter persoal.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso concorrencia implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente

ANEXO I	
SOLICITUDE INDIVIDUAL EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
CP	LOCALIDADE
PROVINCIA	E-MAIL

Asdo.:

En a... de de 2023

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO I ^{bis}	
SOLICITUDE CONXUNTA EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE 1	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
DATOS DO SOLICITANTE 2	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

Asdo.:

En a... de de 2023

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**

D/Dª _____ con NIF _____

na condición de: TITI II ΔR REPRESENTANTE

do Obradoiro artesán _____ con NIF/CIF _____

Correo electrónico _____ Teléfono _____

Enderezo _____

Concello _____ Provincia _____ C.P. _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE que de resultar seleccionado/a para participar na mostra Artesanfroilán:

1. Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que apporto coa solicitude.
2. Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.
3. Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.
4. Que a persoa física ou xurídica:
 - a. Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
 - b. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
 - c. Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
 - d. Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - e. Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado "Correo electrónico", consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP

E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 2023.

Sinatura:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: Deputación de Lugo

Finalidade: Xestión da admisión dos obradoiros da mostra Artesanfroilán.

Lexitimación: RGD: 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

Destinatarios: A propia Administración

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Lugo, 26 de xullo de 2023.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2458

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no mercado de nadal organizado pola Área de Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a:

1.- Obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o establecido no Decreto 218/2001, do 7 setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía da Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia, ou no seu caso na normativa que a derroque e/ou substitúa.

A participación neste mercado está reservada a obradoiros artesáns da provincia de Lugo cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

2.- Obradoiros de artesanía alimentaria da provincia de Lugo.

Considéranse artesanía alimentaria a actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, cumprindo os requisitos que establece a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que, sendo respectuosas co medio ambiente, garantan ás persoas consumidoras un produto final individualizado, seguro desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e con características diferenciais, obtido grazas ás pequenas producións controladas pola intervención persoal da artesá ou artesán.

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS.

O mercado celebrarase na praza San Marcos, do 22 de decembro de 2023 ao 5 de xaneiro de 2024, (agás os días 25 de decembro de 2023 e 1 de xaneiro de 2024) en horario de 11:00h. a 14:00h. e de 17:00h a 21:00h (o 24 e 31 de decembro de 2023 o horario de tarde será de 17:00h a 19:00h horas).

Estará formado por 14 casetas de 3X3x2,40m (medidas interiores), cada unha delas con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesáns.

Unha das casetas quedará reservada para obradoiros de alimentación que rotarán cada dous días ata un máximo de sete obradoiros.

CUARTA: CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN.

As persoas interesadas en participar no mercado de nadal deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individual ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

Non se admitirán solicitudes conxuntas nas que se mesturen obradoiros artesáns e de alimentación. Soamente se poderá presentar unha única solicitude por obradoiro.

En todo caso, aqueles obradoiros que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte dalgunha das persoas que solicitan a participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

Así mesmo, os obradoiros participantes comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

Os expositores deberán asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días que dure o mercado.

O Centrad, da Deputación de Lugo será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

Queda expresamente prohibido que os expositores queden cos elementos de rotulación e decoración instalados.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración do mercado.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender en todo ou en parte a celebración do mercado, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación no mercado de nadal implica a aceptación total das presentes bases.

QUINTA: CONDICIÓN PARTICULARES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO

Obradoiros da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

Os traballos de acondicionamento da caseta de cada expositor levaranse a cabo o 21 de decembro de 2023 entre as 10:00h e as 21:00h horas. O desmonte e retirada dos elementos de cada caseta deberá realizarse entre os días 5 e 6 de xaneiro de 2024.

Obradoiros de alimentación da provincia de Lugo.

Os obradoiros de alimentación da provincia de Lugo deberán asegurar na súa caseta as necesarias condicións de limpeza, hixiene, e atención ao cliente.

A montaxe e acondicionamento da caseta terá lugar fóra do horario de apertura ao público do mercado.

A persoa/as que atendan o posto deberán estar en posesión do carné de manipulación de alimentos.

Non se permite a venda a granel, por copa/billa/chupito nin similares.

Non se poderán almacenar, expoñer ou manipular materias perigosas, inflamables, explosivas, insalubres, ou que desprenderan cheiros desagradables en xeral, que poidan molestar a outros expositores ou público en xeral.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar no mercado de nadal deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I , - xunto coa documentación restante requirida no punto 6º das bases- por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos-

O prazo de presentación será de 10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso para participar na mostra.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

1.-ANEXO I: Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.-ANEXO II:

- Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptaciónen canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra , e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- Copia do NIF do solicitante.

4.- Certificado de obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

5.- Carta de artesá/án

Documentación específica para os obradoiros de alimentación:

1.-ANEXO I: Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.-ANEXO II:

- Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptaciónen canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra , e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- Copia do NIF do solicitante.

4.- Certificado de Rexistro Sanitario

5.- Carné de manipulador de alimentos

SÉTIMA: ADXUDICACIÓN DE POSTO

Rematado o prazo de solicitude será a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, a encargada de instruír e tramitar os expedientes.

A adxudicación de postos dos participantes no mercado farase seguindo a orde de entrada das solicitudes por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

A resolución que poña fin ao procedemento de admisión deberá expresar as persoas adxudicatarias de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, se cubra a vacante co obradoiro suplente, a través da listaxe de suplencias seguindo a orde de entrada por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de publicación na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Unha vez comunicada a adxudicación dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

OITAVA: CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

A cantidade destinada para a convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no mercado de Nadal da Área de deportes, artesanía e deseño e memoria histórica da Deputación de Lugo, será de vinte e cinco mil euros (25.000 €).

NOVENA: Protección de datos de carácter persoal.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso concorrencia implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

ANEXO I	
SOLICITUDE INDIVIDUAL EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
CP	LOCALIDADE
PROVINCIA	E-MAIL

Asdo.:

En a... de de 2023

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO I ^{bis}	
SOLICITUDE CONXUNTA EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE 1	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
DATOS DO SOLICITANTE 2	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

En a... de de 2023

Asdo.

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**

D/Dª _____ con NIF _____

na condición de: TITI II ΔP REPRESENTANTE

do Obradoiro artesán _____ con NIF _____

Correo electrónico _____ Teléfono _____

Enderezo _____

Concello _____ Provincia _____ C.P. _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE que de resultar seleccionado/a para participar no mercado de nadal:

3. Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporbo coa solicitude.

4. Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.

5. Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.

6. Que a persoa física ou xurídica:

a. Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).

b. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.

c. Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

d. Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

e. Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado "Correo electrónico", consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP

E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 2023.

Sinatura:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: Deputación de Lugo

Finalidade: Xestión da admisión dos artesáns e artesás do mercado de nadal,

Lexitimación: RGPD: 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

Destinatarios: A propia Administración

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Lugo, 26 de xullo de 2023.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2459

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2023

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 21 de xullo de 2023, o orzamento municipal para o exercicio 2023, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, exponse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*. Durante este prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Castro de Rei, 26 de xullo de 2023.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2460

CERVANTES

Anuncio

O Pleno do Concello de Cervantes, en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2023 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 10/2023 baixo a modalidade de Suplemento de créditos financiado con remanente líquido de tesourería, destinado a financiar gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable.

O expediente exponse ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Cervantes, 24 de xullo de 2023.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2461

Anuncio

ACORDOS PLENARIOS E RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE O NOVO RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONCELLO

Constituída a Corporación Municipal o día 17 de xuño de 2023, e celebrado o día 12 de xullo o pleno extraordinario á que fai referencia o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publícase os seguintes acordos plenarios e decretos de Alcaldía sobre o novo réxime de organización e funcionamento do Concello:

A.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA:

A.1 Resolución de alcaldía de nomeamento de concelleiros delegados

Logo da Constitución da Corporación o día 17 de xuño de 2023 e téndose efectuado a toma de posesión do cargo da alcaldía do Concello de Cervantes na mesma sesión.

De conformidade co artigo 23 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local (LBRL), e 43 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) a alcaldía pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da xunta de goberno local sen perxuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calesqueira concelleiros, aínda que non pertencen á xunta de goberno local.

De conformidade co artigo 43 do ROF as delegacións competenciais poden ser xenéricas (referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, poidéndose adaptar aosservizos que se presten no concello), ou especiais (para cometidos específicos, que se pode realizar en favor de calqueira concelleiro).

As delegacións xenéricas poden abarcar tanto a facultade de xestionar os servizos (entendendo por xestión a planificación), a facultade de dirixir (executar o planificado) e a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Se a resolución de delegación se refire xenericamente a unha materia ou sector de actividades en especificar as potestades, entenderase que comprende todas as facultades indicadas (dirección, xestión e resolución), dereitos e deberes referidos á materia delegada, coa excepción das que a LRBL indica como indelegables.

Á vista do exposto, e a fin de dotar de seguridade xurídica ao reparto competencial entre a alcaldía e as tenencias de alcaldía e concelleiros para mellorar a eficacia e celeridade nas actuacións municipais, esta alcaldía, no exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da LRBL e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA), e de conformidade co establecido no artigo 46.1 do ROF

RESOLVO:

Realizar as seguintes delegacións:

PRIMEIRO.- Delegar no tenente de alcalde, D. Luis de Alonso Álvarez, os asuntos relacionados en materia de **cultura, educación , sanidade deporte e servizos sociais.**

SEGUNDO.- Delegar no tenente de alcalde, D. Fermín Digón López, os asuntos relacionados coas **obras e vías públicas** .

TERCEIRO.- Delegar no tenente de alcalde, D. Miguel González Vilela, os asuntos relacionados coa **brigada municipal e emerxencias.**

CUARTO. Os concelleiros delegados terán os seguintes cometidos:

a) Dirección e xestión inmediata, vixilancia e inspección de todas as áreas que se lle delegan e a dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.

b) Poñer en coñecemento da alcaldía todas as deficiencias que observen nos servizos que lle estean encomendados para que a alcaldía dite as resolucións pertinentes.

c) Estudo e propostas de medidas a adoptar para o bo funcionamento dos servizos municipais que se lles delegan.

d) Informes con propostas de resolución, si o estima conveniente a alcaldía, xunta de goberno local e pleno, por propia iniciativa ou cando lles exan solicitados en relación coas áreas municipais que lle son delegadas.

QUINTO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo Alcalde.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

A.2 Resolución de alcaldía de nomeamento de Tenentes de Alcalde

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e logo de proceder o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar como Tenentes de Alcalde do Concello de Cervantes aos seguintes Concelleiros:

1º TENENTE DE ALCALDE: LUIS DE ALONSO ÁLVAREZ
2º TENENTE DE ALCALDE: MIGUEL GONZÁLEZ VILELA
3º TENENTE DE ALCALDE: FERMIN DIGÓN LÓPEZ

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento a o *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

A.3 Resolución de alcaldía de nomeamento de membros da Xunta de Goberno local e delegación de atribucións a prol da mesma

Xa que logo, e en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 65 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear , no suposto da súa creación polo Pleno como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

-Don Luís de Alonso Álvarez.

-Don Fermín Digón López

-Don Miguel González Vilela

SEGUNDO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ,ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes que atribucións que expresamente se delegan:

1.- As contratacións e concesións de toda clase de obras, servizos e suministros, dentro dos límites competenciais que ó alcalde-presidente outorga a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

2.-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da alcaldía, excepto:

- Haberes e retribucións nominativas de persoal municipal de toda clase, de conformidade cos acordos corporativos.

- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.

- Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquiden con arreglo ás tarifas oficialmente aprobadas.

- Os intereses e amortizacións de préstamos, gastos por xestión de recibos e comisión bancarias.

- Gastos derivados de publicación de anuncios en boletíns oficiais, taxas administrativas e multas e sancións.

- As certificacións derivadas das contratacións e concesións de toda clase.

- Facturas de contía inferior a 5000 €.

- Pagos de IRPF e IVA.

3.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

4. Acordos relativos a concesión de subvencións dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados.

5.- Aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento aprobado e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, e aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

6.-As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanístico e dos proxectos de urbanización.

7.-Aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.

8.-A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites establecidos na DA segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro ,de Contratos do Sector Público.

9.-O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

10.-O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da alcaldía.

TERCEIRO.- En calquera momento esta alcaldía poderá avocar para si, con carácter individualizado, calquera asunto entre os comprendidos na esfera das atribucións delegadas e resolver sobre o mesmo.

Independente das competencias que se delegan esta alcaldía poderá someter a consideración da xunta de goberno local como órgano de deliberación, asesoramento e apoio a esta alcaldía calquera asunto da súa competencia que sexa delegable e sometelo a votación.

CUARTO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente aos designados e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da data en que se dita a mesma.

B. ACORDOS PLENARIOS

B.1 Constitución da Xunta de Goberno local e periodicidade das sesións ordinarias

ACORDO

PRIMEIRO. Constituír a Xunta de Goberno Local, cuxo obxecto será a asistencia permanente a Alcalde no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no seu caso, as atribucións que Alcalde ou outro órgano municipal deleguelle ou as que lle atribúan as leis.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local estará integrada por Alcalde, que será o seu presidente, e por un número de 3 Concelleiros que serán nomeados libremente por Alcalde como membros da mesma.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a cuxos efectos se propón que a Xunta celebre *sesión ordinaria coa seguinte periodicidade: segundos e cartos xoves de cada mes, ás 13:00 horas.*

B.2 Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno

ACORDO

PRIMEIRO.- Establecer para o presente mandato corporativo o seguinte réxime de sesións ordinarias:

Periodicidade: cada dous meses.

Día: derradeiro mércores dos meses de: febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro.

Hora: vinte horas (20:00) os plenos de abril, xuño e agosto e dezanove horas (19:00) os plenos de febreiro, outubro e decembro.

Lugar: Salón de sesións da Casa Consistorial, salvo forza maior.

SEGUNDO.- Se o día en que correspondera celebrar sesión ordinaria fora festivo ou véspera de festivo, poderase adiantar ou retrasar a data de celebración, sen que exceda de sete días naturais, circunstancia que se acordará mediante Decreto da Alcaldía que será debidamente notificado aos membros corporativos.

TERCEIRO.- En casos excepcionais e concretos debidamente xustificadas, e previa consulta aos voceiros dos diferentes grupos políticos, facúltase ao Sr. Alcalde para modificar o día e a hora de celebración das sesións ordinarias, o que se acordará no mesmo Decreto de convocatoria.

B.3 Constitución e composición das Comisións Informativas.

ACORDO

PRIMEIRO.- Non constituir neste Concello os órganos ós que se refire o artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e preceptos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986.

SEGUNDO.- Constituír a Comisión Especial de Contas, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

-2 representantes do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (P.S. de G)

-1 representante do Grupo Municipal do Partido Popular (P.P.)

A presidencia será ostentada polo Sr. Alcalde D. Benigno Gómez Tadrín.

TERCEIRO.- As sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas celebraranse con anterioridade ao pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía.

CUARTO.- A adscripción concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno. Deberá designarse un suplente por cada grupo municipal.

B.4 Delegación de atribucións do Pleno da Corporación na Xunta de Goberno local.

ACORDO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a totalidade das atribucións delegables do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quorums que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e nomeadamente:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- b) A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- c) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presupuesto -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior de conformidade codispuesto na Lei Reguladora das Facendas Locais
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, aínda que non estean previstos nos Presupostos.
- e) A disposición de gastos en materia da súa competencia (art. 166.3 do TRLRFL).
- f) As competencias que como órgano de contratación lle correspondan consonte o previsto na Disposición Adicional apartados 2 e 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Presupuesto ou as contías establecidas pola lexislación sectorial de aplicación, así como os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.
- h) A formulación de peticións de subvención cando a lexislación especifica requira acordo plenario.

Segundo.- A delegación de competencia refírense, en todas as materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola Xunta de goberno local poñerán fin á vía administrativa.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Cuarto.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade con canto se establece polo artigo 51.2 do ROF.

B5 Nomeamento de representantes da Corporación de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do Pleno

A C O R D O

PRIMEIRO.- Nomear ao concelleiro, D. Luís de Alonso Álvarez representante desta Corporación no Consello Escolar do CPI Cervantes de San Román.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao concelleiro designado e ao Presidente do Consello Escolar do centro respectivo.

B6 Réxime de asistencias aos órganos colexiados

ACORDO

PRIMEIRO. Determinar que tódolos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, percibindo as seguintes indemnizacións:

- Por asistencias a Plenos: 110 €.
- Por asistencias a Xuntas de Goberno local: 110 €
- Por asistencias á Comisión Especial de Contas: 110 €.

En calquera caso só cuantificarase una asistencia por día, con independencia do número de sesións ou reunións que se celebren.

SEGUNDO. Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia* de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, así como no Portal da Transparencia do Concello de Cervantes.

B.7 Dedicación exclusiva de alcaldía

PRIMEIRO.-Recoñecer a adicación exclusiva ao Alcalde-Presidente desta Corporación, o que lle esixirá a adicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

SEGUNDO.-Establecer , as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 29.400,00 €

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colexiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos.

B.8 Dedicación parcial do Concelleiro Delegado de Obras e Vías Pública

ACORDO

PRIMEIRO.-Recoñecer a adicación parcial ao Concelleiro delegado de Obras e Vías Públicas , D. Fermín Digón López, o que lle esixirá a adicación efectiva mínima de 13 horas semanais.

SEGUNDO. Establecer , as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 8.960,00 €.

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colexiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos.

B.9 Dedicación parcial do Concelleiro Delegado de Cultura, Deporte, Educación, Sanidade e Servizos Sociais.

A C O R D O

PRIMEIRO.-Recoñecer a adicación parcial ao Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Sanidade. Deporte , e Servizos Sociais , D. Luis de Alonso Álvarez, o que lle esixirá a adicación efectiva mínima de 11 horas semanais.

SEGUNDO. Establecer , as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 8.050,00 €.

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colexiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos.

Cervantes, a 24 de xullo de 2023.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2462

LUGO

Anuncio

DECRETO :Sr. DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o Acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 en cuxo anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario, para a súa cobertura en quenda libre:

"1 praza de ORDENANZA, da Escala de Administración Xeral, Subalterno, AP, reservada a persoas con discapacidade intelectual."

Visto o Acordo 17/561 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 19 de xullo de 2023 de aprobación de BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020).

En base ás atribucións delegadas por Decreto Nº: 5756/2023 do 21/06/2023 ditado pola Exma Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo Concello de Lugo, o Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020), que se rexerá polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e número 274, do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 17/561 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 19 de xullo de 2023, que seguidamente se transcriben:

"1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a **unha praza de ORDENANZA pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre reservada a persoas con discapacidade intelectual**, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e número 274, do 29 de novembro de 2018.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- A. Denominación da praza: ORDENANZA
- B. Grupo de titulación: GRUPO AP (Agrupacións Profesionais)
- C. Outras características:

- Escala: administración xeral
- Subescala: subalterno

3º.- SISTEMA SELECTIVO. O sistema selectivo será o de OPOSICIÓN.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA

Non se esixe titulación do sistema educativo.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As persoas interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- A) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Certificación do órgano competente que acredite a súa condición de discapacitado intelectual, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas de todas as quendas convocadas. Na dita resolución constará a identidade das e dos aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión.

As/Os aspirantes excluídas/os dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os que se publicarán no BOP.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario composto por 20 preguntas relativas tanto ao contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas, de forma proporcional. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 40 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,50 puntos. A mal contestada restará 0,166 puntuando con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

O exercicio que propoña o tribunal terá tres preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán as preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 3 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 40 minutos.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 1 hora, un suposto ou proba práctica que formulará o tribunal inmediateamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que atermos ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

TEMA 1.- A guía de rúas da cidade de Lugo. Localización de dependencias municipais, organismos, edificios e centros públicos e de interese da cidade de Lugo.

TEMA 2.- A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. Comunicacions e notificacións. Correspondencia e paquetería: envíos e servizos postais.

TEMA 3.- O persoal ao servizo da Administración local: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

TEMA 4.- Información e atención ao público: presencial, telefónica e por medios informáticos. Técnicas de atención ao público.

TEMA 5.- Manexo de máquinas de reprografía e oficina: reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, fax, encadernadoras, destrutoras, centralitas telefónicas, impresoras, escáner, plastificado e outras análogas. Tipos de papel.

TEMA 6.- A Vixilancia e custodia de edificios: vixilancia da seguridade do edificio. Control de accesos. Servizo de consigna. Apertura e peche de edificios e locais.

TEMA 7.- Prevención de riscos laborais inherentes a un posto de Ordenanza: os seus dereitos e obrigas. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

TEMA 8.- Réxime de precedencias e tratamentos honoríficos. Preparación de reunións. Preparación de medios materiais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (BOP nº 99 de 2 de maio de 2017 e nº 274 de 29 de novembro de 2018), a composición dos tribunais cualificadores será o seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais:

Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os pola Xunta de Goberno Local, se é o caso, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico.

A súa vez será aplicable a Instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o nove de outubro de dous mil dezanove.

10º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolverse expresamente, en calquera momento, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei

29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 24 de xullo de 2023.- O Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Ángel Pablo Permuy Villanueva,

R. 2463

A PONTENOVA

Anuncio

Por Acordo do Pleno de data 12 de xullo do 2023, aprobouse definitivamente a creación da Xunta de Goberno local e proposta de delegación de competencias do Pleno nesta, así como as indemnizacións por asistencias ás sesións de órganos colexiados, indemnizacións por comisións de servizo, e os membros da Corporación aos que se lles adica unha dedicación, o que se publica aos efectos do previsto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e en cumprimento do previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entre outros preceptos concordantes e sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación das mesmas.

A Pontenova, 26 de xullo de 2023.-. O Alcalde, Darío Campos Conde.

TEXTO

“CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NESTA

Conforme o establecido no artigo 20.1, letra b) da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), así coma , así coma artigo 59.2.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) as Corporacións de menos de 5.000 habitantes poderán crear a Xunta de Goberno Local, sempre que así o acorde o Pleno do Concello ou cando así o dispoña o seu regulamento orgánico.

Resultando que neste Concello non existe regulamento orgánico, pero si debe procederse á axilización dos asuntos para unha eficiente e eficaz operatividade.

Considerando que a Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde e por un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal deles, correspondéndolle a asistencia ao Alcalde e as atribucións que lle delegue este ou o Pleno e as que lle atribúan as leis (artigo 23 da LRBRL e artigo 65 da LALG).

Considerando, que o artigo 211 da LALG faculta ao Pleno da Corporación a fixar a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local.

Para unha mellor operatividade participativa e maior axilidade nos asuntos municipais a desenvolver, considerando o establecido nos apartados 5 en relación ao 4 do artigo 64 da LALG, o artigo 22.4 da LRBRL, así coma o artigos 52 e 53 do R.O.F., pola presente, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. *Crear a Xunta de Goberno Local deste concello da Pontenova, que estará presidida polo Alcalde, Darío Campos Conde, e integrada por 3 concelleiros, sendo este un número non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, nomeando como membros da Xunta de Goberno local ós seguintes Concelleiros/as:*

- Isabel Couto González;
- Francisco Martínez Bermúdez;
- Manuel Alonso López.

Á Comisión de Goberno corresponderalle as atribucións que lle delegue o Alcalde mediante a devandita resolución, así como as que o Peno lle delega mediante o presente acordo que figuran no apartado cuarto.

SEGUNDO. *A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias os primeiros e terceiros xoves de cada mes ás 08:30 horas, caso de resultar festivo celebrarase o primeiro día hábil seguinte considerándose inhábil para estes efectos o sábado.*

TERCEIRO. *A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de dez días hábiles seguintes á súa constitución, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

CUARTO. Delegar de forma expresa na Xunta de goberno local as seguintes atribucións do Pleno da Corporación Local:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria;
- A declaración de lesividade dos actos do concello;
- A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co establecido na lei reguladora das facendas locais;
- As contratacións e concesións de toda clase (obras, servizos, abastecementos) cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada neste apartado;
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos;
- Calquera acto de disposición sobre os bens, incluídos a adquisición, a transacción, a permuta, o alleamento e a cesión gratuíta a outras administracións ou institucións públicas e a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. A concesión, o arrendamento ou a cesión de uso de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens;
- Exercer as demais que de xeito expreso lle atribúan as leis e non e non esixa unha maioría cualificada.
- En todo caso, a formular solicitude ou pedimento, aceptación, desenvolvemento e xustificación de subvencións ou axudas económicas que, a Administración do Estado, Administración Autonómica ou Administración Provincial, lle formule en libre concorrencia, lle conceda, ou lle outorgue, así como as dos organismos ou empresas delas dependentes.

QUINTO. Publicar no BOP as presentes delegacións do Pleno na Xunta de Goberno de conformidade co previsto no artigo 51.2 do ROF, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación das mesmas.

SEXTO. Notificar os membros designados a presente resolución, a efectos de cumprir o imperativo legal previsto no artigo 114 do ROF.

SÉPTIMO. Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais de 28 maio do 2023."

"ESTABRECEMENTO DAS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS ÁS SESIÓNS DO PLENO, ÁS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E SESIÓNS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

O artigo 75 bis apartado 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola lei 27/20213, do 27 de decembro, faculta ás Corporacións locais a consignar nos seus orzamentos as retribucións ou indemnizacións que se establezan aos Concelleiros/as que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial, nas contías que sinale o Pleno do Concello.

En base ao anteriormente exposto formulo ao Pleno deste concello que adopte o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. Pola concorrencia efectiva dos/as concelleiros/as ás sesións do Pleno, que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán unha indemnización en concepto de asistencia de oitenta euros (80,00 €).

SEGUNDO. Pola concorrencia efectiva dos Concelleiros/as, ás sesións da Xunta de Goberno Local, que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán unha indemnización en concepto de asistencia de sesenta euros (60,00 €).

TERCEIRO. Pola concorrencia efectiva dos Concelleiros/as, ás sesións da Comisión Especial de Contas, que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán unha indemnización en concepto de asistencia de sesenta euros (60,00 €).

CUARTO. Ordénase a publicación destas indemnizacións no BOP de Lugo e Taboleiro de anuncios deste concello en legal forma para os efectos do establecido no apartado 5 do artigo 75 da lei 7/1985, do 2 de abril."

“ESTABRECEMENTO DAS INDEMNIZACIÓNS POR COMISIÓNS DE SERVIZO E AXUDAS DE CUSTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

O exercicio dos cargos públicos levan consigo en moitas ocasións realizar xestións ante outras Administracións ou Institucións, comisións de servizo municipal fóra do termo do concello, que dan lugar a que se fagan viaxes co vehículo propio do alcalde e concelleiros/as que deben ser compensados pola entidade local que recibe os devanditos servizos.

Os gastos de locomoción, que se produzan como consecuencia dos devanditos desprazamentos polas comisións de servizos ou xestións oficiais dispostos pola corporación, polo seu alcalde ou por outros órganos competentes, serán abonados previa a presentación dos correspondentes xustificantes ou declaración responsable.

Tales gastos atópanse definidos e detallados exhaustivamente no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio (BOE nº 129 do 30 de maio) desenvolvido na actualidade pola Orde EHA/3770/2005 do 1 de decembro (BOE número 289 do 3 de decembro de 2005) pola que se revisan os importes da indemnización por uso de vehículo particular, polo que se deberá remitir a estas disposicións para calquera dúbida ou aplicación que se pretenda, que servirá de base para a súa aplicación orzamentaria e fiscal.

Como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio quedou constituída a nova corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, consecuentemente, comeza o mandato para o período 2023-2027, por iso e para os efectos de axudas de custo e indemnización das comisións de servizo durante o devandito período, propónse ao Pleno da Corporación que acade o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. Polo concepto de "dieta", entendida como a cantidade que se devenga diariamente para satisfacer os gastos que orixinan a estancia fóra da residencia oficial para o exercicio das funcións en comisión do servizo dos membros desta Corporación, se satisfarán as seguintes cantidades:

- a) Para comisións de duración igual ou inferior a un día natural, con saídas do termo municipal antes das 14:00 horas, a cantidade de 73,20 euros;
- b) Para comisións de duración superior a un día natural, a cantidade de 219,60 euros por día;
- c) No suposto de que a duración sexa inferior ás 24 horas, pero comprenda parte de dous días naturais, a cantidade de 146,40 euros por facer noite e 73,20 euros por manutención.

SEGUNDO. Os gastos de locomocións que se produzan como consecuencia de desprazamentos polas devanditas comisións de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, polo seu alcalde ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes.

No suposto da utilización de vehículo propio, aboarase a cantidade de 0,26 euros por quilómetro percorrido.

TERCEIRO. *Ordénase a publicación destas indemnizacións no BOP de Lugo e Taboleiro de anuncios deste concello en legal forma para os efectos do establecido no apartado 5 do artigo 75 da lei 7/1985, do 2 de abril."*

RELACIÓN DE CARGOS ELECTOS CON ADICACIÓNS ATRIBUÍDAS

A) ALCALDE

O artigo 75 apartado 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola lei 14/2000 de 29 de decembro, establece que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, no seu caso, serán dados de alta no réxime xeral da seguridade social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda.-

Os Concellos cada vez teñen mais competencias e servizos que desenvolver, sendo necesaria unha maior dedicación ás labores propias da alcaldía que ten as atribucións de presidir e representar ao concello, dirixir o goberno e a administración municipal, así como as de dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e as obras do concello.-

Esta dedicación exclusiva retribuída que permite a lei ven determinada polas múltiples competencias que esixen unha gran dedicación aos asuntos públicos acompañados dunha alta responsabilidade.-

B) PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

O artigo 75 apartado 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola lei 14/2000 de 29 de decembro, establece que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, no seu caso, serán dados de alta no réxime xeral da seguridade social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda.-

Pola súa banda, a resolución do 6 de xullo de 2023, que establece dentro da organización propia do goberno local as áreas nas que se distribuirán as liñas de dirección, coordinación e impulsión dos servizos municipais, ademais de outras áreas, créanse tamén as de Benestar Social e a de Participación Cidadá que será desenvolvida baixo a supervisión da primeira tenente Alcalde.

Neste senso, no que respecta á área de Benestar social, resulta evidente que é unha dependencia con gran cantidade de atribucións posto que é a área encargada de promover, proxectar e executar a política rexional en materia de benestar social; definir, ordenar e desenvolver os servizos sociais de atención primaria; programar, desenvolver e executar os plans de apoio ás persoas con discapacidade, maiores, infancia, menores e familia no marco das súas competencias; definir e executar as actuacións en materia de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a coordinación, cooperación e execución de accións en materia de inmigración, excepto as relativas ao ámbito de traballo e emprego. Así mesmo, compételle fomentar, elaborar e desenvolver plans e actuacións para a erradicación da exclusión social e a xestión dos programas en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, voluntariado e cantas outras competencias teña atribuídas

C) SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE

O artigo 75 apartado 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, establece que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con adicación parcial, no seu caso, serán dados de alta no réxime xeral da seguridade social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

Os Concellos cada vez teñen mais competencias e servizos que desenvolver, sendo necesaria unha maior adicación ás labores propias do cargo.

Esta Alcaldía, por resolución do 6 de xullo de 2023, designa as tenencias de alcaldía e establece dentro da organización propia do goberno local as áreas nas que se distribuirán as liñas de dirección, coordinación e impulsión dos servizos municipais, entre elas a área de Persoal, Obras e Urbanismo, que será desenvolvida baixo a supervisión do segundo tenente Alcalde.

Como é ben sabido as obras e investimentos, planeamento e urbanismo nun concello son fundamentais e a súa importancia para o seu desenvolvemento económico é capital. Non se pode escapar a esta Corporación a gran cantidade de obras que constantemente teñen que realizar as entidades locais para ofrecer á cidadanía as infraestruturas necesarias. Unha correcta execución das mesmas fai preciso un seguimento daquelas, xurdindo, a necesidade dunha adicación especial por parte dos órganos municipais. Todo sen deixar de banda ao urbanismo e a súa complexidade en canto á disciplina urbanística que esixe unha adicación e comprobación "in situ" do que se pretende legalizar por dereito preexistente ou corrixir por infracción da normativa legal e regulamentaria.

Por último, subliñar que para a adicación á coordinación do persoal do concello e seguimento da RPT que impulse o mellor funcionamento dos servizos, tanto administrativos como persoal de oficios do concello, require unha adicación especial parella ao xa mencionado no parágrafo precedente respecto do urbanismo e obras e investimentos.

En virtude do tenor dos fundamentos subliñados, non cabe dúbida que a adicación que lle conferirá ocupará unha parte relevante do seu tempo e, consecuentemente, a súa implicación e adicación efectiva ao Concello nunca será inferior a 7 horas diarias.

En base ao anteriormente exposto formulo ao Pleno deste concello que adopte o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Pola concorrencia efectiva do alcalde don **DARÍO CAMPOS CONDE** á alcaldía que ostenta a responsabilidade da presidencia e representación do concello, a dirección do goberno e administración municipal e á dirección, inspección e impulsión dos servizos municipais, en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións que se fixan en 42.000,00 euros brutos anuais, que se devengarán por catorceavas partes iguais. Así mesmo, establécese como cota a cargo da Corporación por cotización á Seguridade Social a contía de 13.881,00 euros anuais que se recoñecerán por dozavas partes iguais mensualmente, integra ou proporcionalmente, aos servizos efectivamente prestados.-

SEGUNDO. Así mesmo, en función das consideracións casuísticas expresadas con anterioridade, establecer un réxime de adicación exclusiva, pola concorrencia efectiva da primeira tenente de alcalde dona **ISABEL COUTO GONZÁLEZ** á Área de Benestar Social e a Área de Participación Cidadá, que ostentará responsabilidade da coordinación e dirección das devanditas áreas en dito réxime de adicación, coas retribucións que se fixan en 22.400,00 euros brutos anuais, que se devengarán por catorceavas partes iguais. Así mesmo, establécese como cota a cargo da Corporación por cotización á Seguridade Social a contía de 7.403,16 euros anuais que se recoñecerán por dozavas partes iguais mensualmente integra ou proporcionalmente aos servizos efectivamente prestados.-

A xornada de adicación da devandita tenente de alcalde será de 8 horas diarias de luns a venres, variadas segundo necesidades do servizo, sen que sexa compatible o percibo das retribucións que permite a norma coas indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do concello establecidas xenéricamente para os membros electos da corporación.

TERCEIRO. Establecer un réxime de adicación parcial, pola concorrencia efectiva do segundo tenente de alcalde don **FRANCISCO MARTÍNEZ BERMÚDEZ** á Área de Persoal, Obras e Urbanismo que ostentará a responsabilidade

da coordinación e dirección da devandita área en dito réxime de adicación, coas retribucións que se fixan en 22.400,00 euros brutos anuais, que se devengarán por catorceavas partes iguais. Así mesmo, establécese como cota a cargo da Corporación por cotización á Seguridade Social a contía de 7.403,16 euros anuais que se recoñecerán por dozavas partes iguais mensualmente, integra ou proporcionalmente, aos servizos efectivamente prestados.-

A xornada de adicación do devandito tenente de alcalde será de 7 horas ao día de luns a venres, variadas segundo necesidades do servizo, sen que sexa compatible o percibo das retribucións que permite a norma coas indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados do concello establecidas xenericamente para os membros electos da corporación.

CUARTO. *Ordénase a publicación deste acordo no BOP de Lugo e Taboleiro de anuncios deste concello en legal forma, para os efectos do establecido no apartado 5 do artigo 75 da lei 7/1985, do 2 de abril, sen prexuízo da súa efectividade e eficacia desde o día 17 de xuño de 2023.”*

R. 2464

SOBER

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 27 de xullo de 2023 a modificación orzamentaria núm. 11/2023 consistente en Transferencia de Crédito entre distintas áreas de gasto, con arranxo ó disposto no artigo no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O dito documento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sober, 28 de xullo de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2491

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 27 de xullo de 2023 a modificación orzamentaria núm. 12/2023 consistente en Transferencia de Crédito entre distintas áreas de gasto, con arranxo ó disposto no artigo no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O dito documento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sober, 28 de xullo de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2492

XERMADE

Anuncio

Declaración de caducidade do expediente de aprobación do inventario de camiños do Concello de Xermade. Expte. 180/2018.

O Pleno do Concello de Xermade, reunido en sesión ordinaria en data 20/07/2023, acordou:

“Primeiro.- Declarar a caducidade do expediente de aprobación do inventario de camiños do Concello de Xermade, aprobado inicialmente polo Pleno na na sesión ordinaria celebrada o 12/04/2018, ao transcorrer o prazo máximo para resolver (3 meses) sen ditarse resolución.

Segundo.- Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Xermade, 26 de xullo de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2465
